

AXUDAS REGA. CONVOCATORIA 2026 (CÓDIGO DE PROCEDIMIENTO CT898A).**Resolución da convocatoria.****I. ANTECEDENTES**

1. En data de 08 de abril de 2026 publicouse a ORDE de 9 de marzo de 2026 pola que se autoriza a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para outorgar subvencións, se aproban as bases reguladoras relativas ás axudas Rega e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento CT898A, DOG Núm. 64, Mércores, 08 de abril de 2026).

As bases teñen por obxecto ofrecer seis axudas para o desenvolvemento de proxectos artísticos con acompañamento de mentoría a través de residencias. Para iso, realizarase unha selección dun máximo de seis proxectos vinculados ás artes visuais, escénicas, musicais, deseño, investigación e curadoría cultural e artística, e proxectos artísticos innovadores que utilicen medios dixitais e tecnolóxicos no seu proceso. A escolma será realizada en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

Tal e como sinalan as bases *"poderá participar nesta convocatoria calquera persoa física, estea ou non dada de alta no réxime especial de persoas autónomas, que desenvolva un proxecto artístico, vencellado ás artes visuais, escénicas, musicais, deseño, investigación e curadoría cultural e proxectos artísticos innovadores que utilicen medios dixitais e tecnolóxicos. Estas persoas deberán desenvolver as residencias de traballo nos espazos dispoñibles para este labor na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela, sempre que cumpra cos seguinte requisitos:*

1. Cada proxecto pode ser presentado por unha persoa física individual, estea ou non dada de alta no réxime especial de persoas autónomas. Cada participante poderá presentar unha única solicitude e non se poderá optar a máis dunha axuda por solicitude. Os proxectos serán de creación específica, orixinais e inéditos.



2. De non cumprir con algún dos requisitos ou non poder executarse dentro do prazo determinado pola convocatoria, o proxecto quedará automaticamente excluído, e procederá a devolución das cantidades xa desembolsadas da axuda."

En relación co importe, as bases sinalan que *"cada proxecto seleccionado recibirá unha axuda de oito mil euros (8.000,00 €). Nesta cantidade inclúense o seu desenvolvemento, os gastos de transporte, estadía, manutención e posibles gastos de presentación pública do proxecto. Se o conxunto dos gastos que ocasionase a residencia for maior, a axuda non será superior á cantidade indicada. O importe da axuda estará suxeito ás retencións que sexan de aplicación e as persoas beneficiarias non terán ningún outro dereito de carácter económico.*

2. Ademais das axudas recollidas no parágrafo anterior, a Fundación porá á disposición das persoas beneficiarias en calquera dos seis proxectos o seguinte:

- O espazo de traballo para poder ser utilizado un mínimo de tres semanas e un máximo de seis semanas, en condicións axeitadas para o seu uso, con conexión wifi, seguridade, limpeza e climatización.*
- Os recursos humanos propios de seguimento técnico de cada proxecto, segundo a dispoñibilidade e horario pactados de común acordo coas persoas beneficiarias dos proxectos seleccionados.*
- Persoa mentora que acompañará cada proxecto.*

As persoas beneficiarias das axudas comprométense a coidar e conservar o espazo onde se desenvolva a residencia."

2. En data de 08 de maio de 2026 ás 23:59h, finalizou o prazo sinalado para a presentación de solicitudes para participar na citada convocatoria.

3. Rematado dito prazo e unha vez revisadas as solicitudes presentadas conforme ao procedemento establecido nas bases e feitas as comprobacións e verificacións oportunas, con data 11 de xuño de 2026 publicouse na páxina web da Fundación Cidade da Cultura de Galicia a relación de persoas ADMITIDAS para a valoración das



solicitudes presentadas (Anexo I) e a relación de persoas EXCLUIDAS (Anexo II) con indicación dos motivos da non admisión das súas solicitudes.

4. Con data 16 de xuño de 2026 publicouse na páxina web da Fundación Cidade da Cultura de Galicia a modificación da resolución da relación de persoas ADMITIDAS para a valoración das solicitudes incorporando á listaxe do Anexo I unha das solicitudes que figuraba na listaxe de persoas excluídas previa emenda do motivo de exclusión.

5. Publicada a relación de persoas admitidas e excluídas, o órgano instructor trasladou as solicitudes admitidas ao Tribunal de Valoración para a súa baremación, lembrando a este Tribunal que conforme ao previsto neste artigo 11 das bases, a valoración das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios de valoración, deberá constar en acta motivada, elaborando un informe de valoración, o cal trasladará ao órgano instructor e onde conste valoración da puntuación obtida por cada solicitude.

Así mesmo, as persoas integrantes do xurado deberán asinar a correspondente declaración de ausencia de conflito de intereses, e estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

CONSIDERACIÓNS LEGÁIS E TÉCNICAS

1. O órgano competente para resolver é a Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 12 da ORDE de 9 de marzo de 2026 pola que se autoriza a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para outorgar subvencións, se aproban as bases reguladoras relativas ás axudas Rega e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento CT898A, DOG Núm. 64, Mércores, 08 de abril de 2026).

2. Todos os expedientes de solicitudes de axudas, co código de procedemento CT898A, foron tramitados e estudados conforme ás bases desta.



3. En data de 9 de xullo de 2026 reúnese o Tribunal de Valoración para a avaliación de ditos proxectos.
4. En data de 30 de xullo de 2026, a secretaría do Tribunal de Valoración da traslado da acta onde se recolle a valoración dos proxectos admitidos.
5. En data de 31 de xullo de 2026, o órgano instrutor formula a proposta de resolución ao órgano de contratación.

Visto o contido da acta do Tribunal de Valoración, de data de 09 de xullo de 2026, e do informe do órgano instrutor onde se propón resolución da convocatoria, a Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, en virtude do disposto no artigo 12 da ORDE de 9 de marzo de 2026 pola que se autoriza a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para outorgar subvencións, se aproban as bases reguladoras relativas ás axudas Rega e se convocan para o ano 2026,

RESOLVO:

1. Outorgar as seguintes axudas para formación a través de residencias:

Categoría: ARTES VISUAIS

Persoa beneficiaria: Alejandro Ventura Pérez Suárez

DNI: ***6321**

Proxecto: ARQUITECTURA EN LUGARES INSOSPEITADOS

Importe da axuda: 8.000 euros todos os impostos e gastos incluídos.

Categoría: ARTES ESCÉNICAS

Persoa beneficiaria: Suevia Rojo Moure

DNI: ***6796**

Proxecto: LEVITARE

Importe da axuda: 8.000 euros todos os impostos e gastos incluídos.



Categoría: ARTES MUSICAIS**Persoa beneficiaria:** David Santos Dominguez**DNI:** ***1070****Proxecto:** ESTUDIO PARA CONTRABAIXO EXPANDIDO EN MI MENOR**Importe da axuda:** 8.000 euros todos os impostos e gastos incluídos.**Categoría: DESEÑO****Persoa beneficiaria:** Carlos Fernández López**DNI:** ***8182****Proxecto:** VIRAVENTO PLUVIAL**Importe da axuda:** 8.000 euros todos os impostos e gastos incluídos.**Categoría: INVESTIGACIÓN E CURADORÍA CULTURAL E ARTÍSTICA****Persoa beneficiaria:** Manuela Pereira Enriquez**DNI:** ***0993****Proxecto:** TERREMOTO. FACERES CONTEMPORÁNEOS EN MOVEMENTO**Importe da axuda:** 8.000 euros todos os impostos e gastos incluídos.**Categoría: PROXECTOS ARTÍSTICOS INNOVADORES QUE UTILICEN MEDIOS DIXITAIS E TECNOLÓXICOS****Persoa beneficiaria:** Judith Cerqueiro Alvariña**DNI:** ***0773****Proxecto:** IN VITRO – EX VIVO**Importe da axuda:** 8.000 euros todos os impostos e gastos incluídos.

Conforme ao previsto no artigo 12.3 parágrafo segundo, *"As persoas propostas como beneficiarias das axudas deberán manifestar a súa aceptación expresa á Fundación Cidade da Cultura de Galicia no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. Transcorrido este prazo sen comunicarse esta aceptación ou sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada."*

2. Dar a coñecer a resolución desta convocatoria mediante a publicación dun anuncio no Diario Oficial de Galicia e na páxina web www.cidadedacultura.gal, producindo os efectos de notificación ás persoas interesadas. Na propia páxina web publicarase o contido íntegro da resolución e a acta de valoración do tribunal cualificador onde consta a valoración dos proxectos.

Contra esta resolución, poderán ser interpostos, con carácter potestativo, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición, perante o titular do ente a que está adscrita a Fundación ou a que corresponda a súa tutela, isto é, ante o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, no prazo dun mes.
- Recurso contencioso-administrativo, perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Ambos os dous prazos contaránse desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no Diario Oficial de Galicia. A presentación dos recursos sinalados non poderá facerse con carácter simultáneo.

En Santiago de Compostela na data de sinatura dixital,

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

